



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Xavier Lama

[Ramón Nicolás 3 Febreiro 2020](#)

1.- Principal trazo do seu carácter?

– A curiosidade desordenada.

2.-Que calidade aprecia máis nas persoas?

– Supoño que a capacidade de empatía e que sexan, en termos xerais, boas persoas; é dicir, que non resulten tóxicas.

3.-Que agarda das súas amizades?

– Que sexan ou se sintan libres na amizade.

4.- A súa principal eiva?

– Repito o da curiosidade desordenada, pouco sistematizada (ten aspectos positivos e outros claramente negativos); logo a preguiza (malia que son admirador de Paul Lafargue) e varios defectos máis que non é cuestión de desvelar.

5.- A súa ocupación favorita?

-Sempre ver cine, bo cinema, series televisivas e a lectura.

6.- O seu ideal de felicidade?

– Non teño un ideal preconcebido, aínda que intúo que a base está en manter a conciencia tranquila. En todo caso, aproximaríase bastante ao que describe o poema “De vita beata” de Gil de Biedma.

7.- Cal sería a súa maior desgraza?

– Imaxino que perder a memoria (Alzheimer), padecer unha enfermidade grave e incurable, ou perder prematuramente os seres queridos.

8.- Que lle gustaría ser?

– O catálogo é amplo. Quixera ser moitos outros que non son ou non podo ser, porque xa é demasiado tarde para reiventarme a fondo.

9.- En que país desexaría vivir?

– Non teño unha preferencia explícita, nin vou pecar de chauvinista dicindo que o mellor é onde estou vivindo, En todo caso, gustaríame pasar un tempo en Francia, entre París e a Costa Azul, sen desbotar escapadas á Fisterra gala e á costa normanda.

10.-A súa cor favorita?

– Verde

11.- A flor que máis lle gusta?

– Camelia

12.- O paxaro que prefire?

– O pavo real, porque me fascinaba de cativo.

13.- A súa devoción na prosa?

– Moit@s: Cervantes, Dostoievski, Flaubert, George Eliot, Emily Brontë, Kafka, Borges, Buzzati, Sartre, Camus, Juan Rulfo, Nabokov, Otero Pedrayo, Cunqueiro (o narrador, pero, sobre todo, o inconmesurable articulista), Irish Murdoch, Alice Munro, Kundera, Julian Barnes, Coetzee, Paul Auster, Angélica Lidell (teatro), Virginie Despentes, etc.

14.- E na poesía?

– Tamén unha longa lista: Shakespeare (como dramaturgo), Shelley, Rimbaud, Eliot, Auden, Manuel Antonio, Rosalía, Whitman, Pessoa, Neruda, Aleixandre, Emily Dickinson, Sylvia Plath, Paul Celan, Sofia de Melo, Nicanor Parra, Alejandra Pizarnik, Olga Orozco, Gamoneda, Gimferrer, Leopoldo María Panero e un longo etcétera.

15.- Un libro?

– Sempre *Hamlet*. Shakespeare é para min é o escritor por antonomasia, o máis grande.

16.- Un heroe de ficción?

– Alonso Quijano, Werther, Gregor Samsa...

17.- Unha heroína?

– Jane Eyre. Penso na novela, pero tamén na versión cinematográfica que fixo Cary Fukunaga, con Mia Wasikowska no papel de Jane.

18.- A súa música favorita?

– Tentarei resumilo: “Les feuilles mortes” (mellor canción), Rolling Stones (mellor artista/grupo de pop-rock) e Beethoven, Mozart, Bach e Sibelius (música clásica)

19.- Na pintura?

– Picasso, Velázquez, Caravaggio, O Bosco (todos os anos vou ao Prado e a primeira visita, en plan ritual persoal, é sempre para este xenio único), Brueghel o Vello, Rembrandt, Goya, Renoir, Pollock, Delvaux, Remedios Varo, Motherwell e Baselitz, por citar unha pequena parte.

20.- Un heroe ou heroína na vida real?

– Apostaría polos heroes ou heroínas anónim@s que loitan pola vida cotiá en medio das dificultades (coñezo algún caso). Non teño heroes de escaparate, postureo, *politicallada* ou *show*

bussines. Admiro moita xente viva (desde Paolo Sorrentino ata Yorgos Lanthimos, desde Julian Barnes ou Marina Abramovic ata Wajdi Mouawad, etc, etc.), pero non chegan á categoría de heroes, nin moito menos.

21.- O seu nome favorito?

– O que pasou a ter Prince: o Artista Anteriormente Coñecido como Prince.

22.- Que hábito alleo non soporta?

– A toxicidade en todos os sentidos.

23.- O que máis odia?

– O odio, a soberbia, a chulería, o clasismo, a maldade, os poderosos psicópatas, etc.

24.- A figura histórica que máis detesta?

– Hitler, Ante Pavelic, Pol Pot, xente así... individuos de rasgos psicopáticos que, cando chegaron ao poder, acabaron sendo xenocidas.

25.- Un feito militar que admira?

– Admirar, admirar son palabras maiores... Respecto aqueles feitos militares que tiveron un efecto liberador fronte á opresión ao longo da historia e non só os moi publicitados (e revisitados no cine) da segunda guerra mundial.

26.- Que don natural lle gustaría ter?

– Ter aptitudes para pintar ben e tocar un instrumento en condicións.

27.- De que maneira lle gustaría morrer?

– Sen sufrimento, mellor sen decatarme e sen dar a lata.

28.- Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Curiosidade esperanzada.

29.- Que defecto lle inspira máis indulxencia?

– Todos os defectos que xorden da boa fe, nos que non hai maldade explícita ou perversa toxicidade.

30.- Un lema na súa vida?

– Non teño lema explícito. Pero apúntome a un moi práctico: “Vive e deixa vivir”.